

Promoción interna e consolidación de emprego: parte xeral

Código	Duración	Prazas/edición
720	30 horas	20

Obxectivos:

Preparar a parte xeral dos exames para a promoción interna e consolidación de emprego do persoal da Deputación da Coruña recollidos no Plan de emprego 2013-2015. A asistencia a esta acción formativa será voluntaria e non dará dereito a certificado de ter recibido o curso.

Destinatarios/as:

Persoal da Deputación da Coruña que ocupe algún dos postos de traballo que van ser obxecto de promoción interna ou consolidación de emprego. Agás as promocións internas a técnico de administración xeral (A1) e a técnico financeiro-tributario de administración especial (A1) que teñen cursos propios.

Contidos:

- Tema 1.- A Constitución Española de 1978: estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas. A organización territorial do Estado na Constitución: ideas xerais da administración central, autonómica e local
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma
- Tema 3.- Réxime local español: clases de entidades locais. Organización provincial e competencias das provincias. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Finalización do procedemento; a obrigación de resolver; o silencio administrativo
- Tema 4.- O orzamento das corporacións locais: elaboración, aprobación e execución. As facendas locais: recursos das facendas locais. Impostos, taxas e contribucións especiais
- Tema 5.- A función pública local: dereitos e deberes. Dereitos de sindicación e folga. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade e réxime disciplinario. Extinción da relación funcional
- Tema 6.- As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requirimentos xerais. Materia impugnables, lexitimación e órgano competente
- Tema 7.- O acto administrativo. Concepto e clases. Elementos. Eficacia dos actos: notificación e publicación
- Tema 8.- O municipio. Elementos: territorio e poboación. Organización municipal. Competencias dos municipios. Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen varios municipios. As áreas metropolitanas. As entidades de ámbito inferior ao municipal

Tema 9.- Réxime de sesións e acordos de órganos colexiados locais. A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos

Tema10.- O persoal ao servizo da administración local: funcionarios propios das entidades locais. Integración en escalas, subescalas e clases

Edicións:

Nº ed.	Sede	Datas/Horario
1	A Coruña	Novembro: 11, 13, 18, 20, 25, 27, decembro: 2, 4, 9 e 11 de 17:00 a 20:00 h